

Literatura oral

[Conto tipo 1854]O xastre de Fumaio e a silva*

Un xastre de Fumaio que indo para a casa, nunha corredoira moi estreita, agarrárono forte e non o soltaron. Pensou que era a Santa Compañía, suplicou, chorou □ pero non houbo forma de soltarse. Agardando un final trágico quedou esgotado e durmido, mais ao saír o sol espertou e viu que quedara preso nunha gran silva.

Nota: Este home morreu hai 5 ou 6 anos, tiña máis de 90 e coñecíamolo todos como Manolo, o sastre.

[Conto remitido por Esperanza Abelairas, A Fonsagrada (Lugo). Outubro de 2011]

COMENTARIOS ENVIADOS

Meu avo en Cedeira contaba este conto hai moitos anos, así que imaxino que será unha historia popular.

Enviado por Gemma o 22/05/2019 ás 16:07:01

Ese conto formaba parte das □historietas□ de medo típicas de tempos pasados: de mortos que non descansaban ata que se lles ofrecía unha misa, de fantasmas, de ánimas do purgatorio, etc. Incluso o gran Castelao escribiu un conto maravilloso sobre un afortunado cadáver que conservaba a vista con un ollo de cristal.

Enviado por Pepe Buron o 10/11/2023 ás 19:48:30